

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025566	IES Ferrol Vello	Ferrol	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obligatoria	Economía e emprendemento	4º ESO	3	105

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	20

1. Introdución

A materia de modalidade Economía e Emprendemento está exposta como materia optativa en cuarto curso da educación secundaria obligatoria e persegue dúas finalidades: por unha banda, que o alumnado dispoña dunha educación económica e financeira para desenvolver, de maneira responsable e viable, os seus proxectos vitais, profesionais e, no seu caso, empresariais; e, por outra banda, que o alumnado poida buscar solucións innovadoras para afrontar os retos que se propoñan, a través do seu autocoñecemento, o coñecemento adquirido e a colaboración cos demais.

O estudo da economía e as finanzas, ademais de poder coñecer as regras que explican os acontecementos económicos e as consecuencias das propias decisións financeiras, proyecta valores como a solidariedade entre persoas, a importancia da sostenibilidade ou a xestión responsable dos recursos. O emprendedor, cunha formación económica e financeira adecuada, desempeña un papel importante na busca de oportunidades e ideas que contribúan a satisfacer as necesidades da contorna, xerando valor, innovando e contribuíndo a mellorar o benestar persoal, social e cultural.

O Decreto 156/2022 constitúe a base da programación do curso, e reparte os criterios de avaliación e contidos en catro bloques que contribuirán á consecución dos obxectivos da materia:

1. O bloque "O perfil da empresa emprendedora, iniciativa e creatividade" vincúlase coa análise e desenvolvemento do perfil da persoa emprendedora facendo fincapé no autocoñecemento e no desenvolvemento de habilidades persoais para poder afrontar contextos cambiantes e incertos nos que emprender.
2. O bloque "A contorna como fonte de ideas e de oportunidades" ligaase á análise das distintas contornas -económica, empresarial, social, ambiental, cultural e artística-, así como o desenvolvemento de estratexias que lle permitan ao alumnado identificar necesidades e buscar oportunidades que xurdan, facéndoo consciente de como a contorna condiciona os seus propios proxectos persoais e profesionais.
3. O bloque "Recursos para levar a cabo un proxecto emprendedor" céntrase na captación e xestión dos recursos humanos, materiais, inmateriais e dixitais como elementos necesarios para que un proxecto se poida levar á realidade. Abórdanse cuestións sobre as fontes de financiamento, recursos financeiros e formación e funcionamento efectivo dos equipos de traballo.
4. O bloque "A realización do proxecto emprendedor" trata de dar a coñecer como fazer un proxecto emprendedor desde a idea inicial ata a execución e validación do prototipo final.

Esta programación vai dirixida ao alumnado de 4º de ESO do IES Ferrol Vello que cursa a materia de Economía e Emprendemento...

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar e valorar as fortalezas e as debilidades propias e as dos demais, reflexionando sobre as aptitudes, xestionando de forma eficaz as emocións e as destrezas necesarias que promovan unha actitude vital creadora para adaptarse a contornas cambiantes e deseñar un proxecto persoal único, cunha actitude emprendedora que xere valor para os demais.					1	1	2	3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Utilizar estratexias de conformación de equipos, así como habilidades sociais, de comunicación e innovación áxil, aplicándoas con autonomía e motivación ás dinámicas de traballo en distintos contextos, para constituir grupos de traballo eficaces e descubrir o valor de cooperar con outras persoas durante o proceso de ideación e desenvolvemento de soluciones emprendedoras.	1	1-2			1-3	1	2	
OBX3 - Elaborar, con sentido ético e solidario, ideas e soluciones innovadoras e sostibles que dean resposta ás necesidades locais e globais detectadas, utilizando metodoloxías áxiles de ideación e analizando tanto os seus puntos fortes e débiles coma o impacto que poidan xerar esas ideas na contorna, para lograr a superación de retos relacionados coa preservación e co coidado da contorna natural, social, cultural e artística.			3			4	1-2-3	3
OBX4 - Seleccionar e reunir os recursos dispoñibles no proceso de desenvolvemento da idea ou solución creativa proposta, coñecendo os medios de producción e as fontes financeiras que proporcionan estes recursos e aplicando estratexias de captación destes para poñer en marcha o proxecto que leve á realidade a solución emprendedora.			3	2			1-2	
OBX5 - Presentar e expoñer ideas e soluciones creativas utilizando estratexias comunicativas áxiles e valorando a importancia dunha comunicación efectiva e respectuosa para transmitir mensaxes convincentes adecuadas ao contexto e aos obxectivos concretos de cada situación e validar as ideas e as soluciones presentadas.	1-2-3			3	1	1	1-2	
OBX6 - Comprender aspectos básicos da economía e das finanzas, valorando criticamente o problema da escaseza de recursos e a necesidade de elixir, así como os principios de interacción social desde o punto de vista económico, para relacionar os devanditos aspectos coa procura e planificación dos recursos necesarios no desenvolvemento da idea ou da solución emprendedora que afronte o reto exposto de maneira eficaz, equitativa e sostible.						1	1-2-3	
OBX7 - Construír e analizar de maneira cooperativa, autónoma e áxil prototipos innovadores e sostibles, aplicando estratexias eficaces de deseño e execución, avaliando todas as fases do proceso de maneira crítica e ética e validando os resultados obtidos tanto para a mellora e perfeccionamento dos prototipos creados coma para a aprendizaxe e o desenvolvemento persoal e colectivo.			3	5	3-5		2-3	

Descripción:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descripción	% Peso materia	Nº sesión	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A economía como ciencia.	A ciencia económica. A escaseza de recursos e a necesidade de elixir. O custo de oportunidade. A toma de decisións.	10	12	X		
2	A organización económica.	Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. Os sectores produtivos.	10	10	X		
3	A empresa e a súa contorna.	Análise da contorna específica ou microcontorna. A responsabilidade social corporativa. Análise da contorna xeral ou macrocontorna.	12	12	X		
4	O mercado.	O funcionamento dos mercados. Comercio, benestar e desigualdades. Os retos do século XXI.	12	12	X	X	
5	A organización da empresa.	Funcións da empresa. Elementos da empresa. Os equipos nas empresas. Traballo en equipo.	12	12			X
6	Inversión e financiamento.	O sistema financeiro. As finanzas. Fontes e control de ingresos e gastos. Recursos financeiros a curto e longo prazo. Endebedamento. Xestión de riscos e seguros.	12	12			X
7	O emprendemento.	O perfil da persoa emprendedora: habilidades e calidades. Análise DAFO da persoa emprendedora. A xestión das emocións.	8	10		X	X
8	A idea de negocio.	A idea de negocio e as oportunidades empresariais. Comunicación, motivación e liderado. Dinámicas de traballo en grupo.	8	10			X
9	O proxecto emprendedor.	Misión e visión da empresa emprendedora. Planificación, xestión e execución dun proxecto emprendedor. Viabilidade económica e financeira da empresa. A elección da forma xurídica.	16	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A economía como ciencia.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Valorar criticamente o problema económico da escaseza de recursos, a necesidade de elixir e a proposta de solicións que supoñan un mellor aproveitamento dos recursos e a reutilización circular das desfeitas xerados que contribúan á sostibilidade do sistema.	Entender o proceso básico da toma de decisións de carácter económico en distintas contornas. Comprender o concepto de escaseza económica e relacionalo co custo da renuncia das alternativas perdidas.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A economía como ciencia. A perspectiva económica da contorna. O problema económico: a escaseza de recursos e a necesidade de elixir. A elección en economía: custos, análise marxinal, incentivos. O comportamento das persoas nas decisións.

UD	Título da UD	Duración
2	A organización económica.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Afrontar os retos en distintos contextos e situacións, reais ou simuladas, transferindo os coñecementos económicos e financeiros necesarios e sendo consciente da importancia para a persoa emprendedora da capacidade de anticipación aos cambios da contorna.	Comprender o papel dos distintos axentes no fluxo circular da renda. Clasificar as distintas actividades económicas por sectores.	PE	80
CA2.6 - Valorar criticamente o problema económico da escaseza de recursos, a necesidade de elixir e a proposta de solicións que supoñan un mellor aproveitamento dos recursos e a reutilización circular das desfeitas xerados que contribúan á sostibilidade do sistema.	Identificar algún problema económico da súa contorna, razoando as posibles causas e valorando solucións.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A economía como ciencia. A perspectiva económica da contorna. O problema económico: a escaseza de recursos e a necesidade de elixir. A elección en economía: custos, análise marxinal, incentivos. O comportamento das persoas nas decisións. - A contorna económico-empresarial. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. - Sectores produtivos e xéneros da contorna cultural e artística. Axentes que apoian a creación de proxectos culturais emprendedores.

UD	Título da UD	Duración
3	A empresa e a súa contorna.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Preservar e coidar a contorna natural, social, cultural e artística a partir de propostas e actuacións locais e globais que promovan o desenvolvemento sostible, con visión creativa, emprendedora e comprometida.	Identificar a contorna específica e xeral dunha determinada empresa. Recoñecer distintas propostas para evitar o impacto negativo das empresas na súa contorna natural, social e cultural.	PE	60
CA2.4 - Propoñer ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o impacto que poidan xerar no eido persoal e na contorna e aplicando metodoloxías áxiles para a obtención de solucións ás necesidades detectadas con sentido ético e solidario.	Valorar o impacto da actividade empresarial na súa contorna. Recoñecer a importancia da responsabilidade social corporativa das empresas.	TI	40
CA2.6 - Valorar criticamente o problema económico da escaseza de recursos, a necesidade de elixir e a proposta de solucións que supoñan un mellor aproveitamento dos recursos e a reutilización circular das desfeitas xerados que contribúan á sostibilidade do sistema.	Identificar estratexias de responsabilidade social corporativa en empresas da contorna.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos			
<ul style="list-style-type: none"> - O mercado e as oportunidades de negocio: análise da contorna xeral ou macrocontorna; análise da contorna específica ou microcontorna. Análise DAFO de proxectos empresariais. Estratexias de exploración da contorna. Procura e xestión da información. - A empresa e a súa responsabilidade social. A decisión empresarial e a innovación como fonte de transformación social. - O impacto da actividade empresarial: a responsabilidade social corporativa. A contorna social, cultural e ambiental desde unha perspectiva económica. A economía colaborativa. A pegada ecolóxica e a economía circular. A economía social e solidaria. Os obxe 			

UD	Título da UD	Duración
4	O mercado.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Afrontar os retos en distintos contextos e situacións, reais ou simuladas, transferindo os coñecementos económicos e financeiros necesarios e sendo consciente da importancia para a persoa emprendedora da capacidade de anticipación aos cambios da contorna.	Aplicar razonamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas da súa contorna.	PE	80
CA2.6 - Valorar criticamente o problema económico da escaseza de recursos, a necesidade de elixir e a proposta de solucións que supoñan un mellor aproveitamento dos recursos e a reutilización circular das desfeitas xerados que contribúan á sostibilidade do sistema.	Valorar o papel do mercado na asignación dos recursos. Propoñer solucións para reducir as desigualdades que se poidan xerar e incrementar o benestar. Identificar as características da economía social e solidaria, e a economía circular.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O funcionamiento dos mercados. Comercio, benestar e desigualdades.
- O impacto da actividade empresarial: a responsabilidade social corporativa. A contorna social, cultural e ambiental desde unha perspectiva económica. A economía colaborativa. A pegada ecolóxica e a economía circular. A economía social e solidaria. Os obxe

UD	Título da UD	Duración
5	A organización da empresa.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Constituír equipos de traballo baseados en principios de equidade, coeducación e igualdade entre homes e mulleres, actitude participativa e visualización de metas comúns, utilizando estratexias que faciliten a identificación e a optimización dos recursos humanos necesarios que conduzan á consecución do reto proposto.	Identificar as funcións da xestión dos recursos humanos. Seleccionar equipos de traballo que conduzan á consecución dos obxectivos propostos.	PE	80
CA3.2 - Poñer en práctica habilidades sociais, de comunicación aberta, motivación, liderado e de cooperación en distintos contextos de traballo en equipo, valorando as achegas dos demais nas distintas dinámicas de traballo e respectando as decisións tomadas de forma colectiva	Identificar e aplicar estratexias de traballo en equipo. Identificar e aplicar distintas técnicas de resolución de conflitos, comunicación e motivación.		
CA3.3 - Planificar e poñer en marcha un proxecto viable que leve á realidade unha solución emprendedora, seleccionando e reunindo os recursos materiais, inmateriais e dixitais más adecuados ao noso proxecto.	Identificar os distintos elementos da empresa, e aplícalos a unha empresa en concreto.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Misión, visión e valores da empresa ou entidade: a cultura empresarial. A organización e a xestión das entidades emprendedoras. Funcións da empresa.
- Os equipos nas empresas e organizacións. Estratexias áxiles de traballo en equipo. Formación e funcionamento de equipos de traballo. Estratexias de comunicación, negociación e solución de conflitos.

UD	Título da UD	Duración
6	Inversión e financiamento.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Afrontar os retos en distintos contextos e situacións, reais ou simuladas, transferindo os coñecementos económicos e financeiros necesarios e sendo consciente da importancia para a persoa emprendedora da capacidade de anticipación aos cambios da contorna.	Explicar o papel do sistema financeiro.	PE	80
CA3.4 - Utilizar con autonomía estratexias de captación e xestión de recursos coñecendo as súas características e aplicándolas ao proceso de conversión das ideas e soluciones en accións e planificando con coherencia a súa organización, distribución, uso e optimización.	Entender as posibilidades de financiamento que existen nos mercados financeiros, valorando os riscos e custos das distintas fontes.		
CA3.3 - Planificar e poñer en marcha un proxecto viable que leve á realidade unha solución emprendedora, seleccionando e reunindo os recursos materiais, inmateriais e dixitais más adecuados ao noso proxecto.	Aplicar a casos prácticos os coñecementos sobre financiamento e investimento adquiridos.	TI	20
CA3.5 - Presentar e expoñer, con claridade e coherencia, ideas e soluciones creativas, co fin de captar recursos para o financiamento e o mecenado deste.	Xustificar a elección dunha fonte concreta de financiamento para un caso determinado.		
CA3.6 - Desenvolver unha idea ou unha solución emprendedora vendo a relación entre os coñecementos adquiridos e os recursos necesarios e dispoñibles que permitan o seu desenvolvemento, identificando os más adecuados en distintos contextos e situacións, reais ou simuladas e aplicando os coñecementos económicos e financeiros necesarios.	Determinar os investimentos e fontes de financiamento necesarios para o desenvolvemento dunha idea emprendedora.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- O sistema financeiro.
- As finanzas da persoa emprendedora: control e xestión do diñeiro. Fontes e control de ingresos e gastos. Recursos financeiros a curto e a longo prazo e a súa relación co benestar financeiro. O endebedamento. Fontes de financiamento e captación de recursos

UD	Título da UD	Duración
7	O emprendemento.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Adaptarse a contornas complexas e crear un proxecto persoal orixinal e xerador de valor, partindo do autoconhecemento e tomando conciencia de que o proceso emprendedor constitúe unha forma de enriquecemento e crecemento persoal.	Realizar a análise DAFO propia. Valorar o proceso emprendedor como forma de enriquecemento persoal.	TI	100
CA1.2 - Utilizar estratexias de análise razoada das fortalezas e debilidades persoais e da iniciativa e creatividade propia e da dos demais.	Identificar as fortalezas e debilidades persoais propias e dos demais que se identifican coa iniciativa emprendedora.		
CA1.3 - Xestionar de forma eficaz as emocións e as destrezas persoais, promovendo e desenvolvendo actitudes creativas, asumindo o risco que supón un proxecto innovador e aprendendo dos erros que cometemos.	Valorar as características propias do emprendedor necesarias para poñer en marcha un proxecto innovador.		
CA1.4 - Pór en práctica as habilidades sociais da persoa emprendedora, de comunicación aberta, motivación, liderado e de cooperación e innovación ágil, tanto de maneira presencial como a distancia, en distintos contextos de traballo en equipo, valorando, respectando e asumindo as achegas dos demais nas distintas dinámicas de traballo en grupo.	Utilizar habilidades sociais propias da persoa emprendedora tanto no traballo individual como en grupo.		
CA2.1 - Adaptarse a contornas complexas e crear un proxecto persoal orixinal e xerador de valor, partindo da valoración crítica sobre as propias aptitudes e as posibilidades creativas.	Realizar unha valoración crítica da análise DAFO propia. Identificar as calidades persoais e as destrezas asociadas á iniciativa emprendedora.		
CA2.2 - Xestionar de forma eficaz as emocións e as destrezas persoais promovendo e desenvolvendo actitudes creativas.	Aplicar estratexias de xestión de emocións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A importancia económica e social da persoa emprendedora. - O perfil da persoa emprendedora: habilidades. - Autoconfianza, autoconhecemento, empatía, perseveranza, iniciativa e resiliencia. - Técnicas de diagnóstico de debilidades e fortalezas internas. Análise DAFO da persoa emprendedora. - Xestión de emocións. A importancia da motivación para emprender. Estratexias de xestión da incerteza e toma de decisións en contextos cambiantes. O erro e a validación como oportunidades para aprender. - A visión emprendedora.

UD	Título da UD	Duración
8	A idea de negocio.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Superar os retos propostos a partir de ideas e soluciones innovadoras e sostenibles, avaliando o seu impacto na sociedade.	Avaliar o impacto na sociedade de distintas ideas e soluciones innovadoras.	TI	100
CA1.6 - Construir ideas creativas e sostenibles aplicando metodologías áxiles que faciliten a superación dos retos expostos con sentido ético e solidario.	Propor ideas creativas que contribúan ao desenvolvimento sostenible da súa contorna.		
CA1.7 - Validar as ideas e soluciones utilizando estrategias comunicativas áxiles adaptadas a cada situación comunicativa.	Aplicar estrategias comunicativas áxiles na presentación das ideas propostas.		
CA1.8 - Presentar e expoñer, con claridad e coherencia, as ideas e soluciones creativas, adquirindo habilidades e técnicas de expresión oral con apoio audiovisual na posta en común destas.	Aplicar estrategias de comunicación ás ideas propostas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos			
<ul style="list-style-type: none"> - O perfil da persoa emprendedora: habilidades. - Creatividade, ideas e soluciones. A innovación ágil. - Comunicación, motivación e liderado da persoa emprendedora. Habilidades sociais. Dinámicas de trabalho en grupo. 			

UD	Título da UD	Duración
9	O proxecto emprendedor.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Adaptarse a contornas complejas cun proxecto persoal orixinal e xerador de valor, logrando progresivamente o control consciente das emocións.	Presentar un proxecto emprendedor a partir dunha idea de negocio.	TI	100
CA4.2 - Superar os retos propostos a partir de ideas e soluciones innovadoras e sostenibles, avaliando o seu impacto no eido persoal e na contorna.	Avaliar o impacto da idea de negocio no eido persoal e na contorna.		
CA4.3 - Poñer en marcha un proxecto viable analizando os recursos materiais, inmateriais e dixitais dispoñibles no proceso de ideación creativa.	Planificar o proxecto de empresa presentado.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Utilizar con autonomía estratexias de captación e de xestión de recursos coñecendo as súas características e aplicándoas ao proceso de conversión das ideas e soluciones en accións.	Manexar estratexias de captación e xestión dos recursos necesarios para a posta en marcha do proxecto presentado.		
CA4.5 - Validar as ideas e as soluciones presentadas mediante mensaxes convincentes e adecuadas, co fin de presentar e expoñer, con claridade e coherencia, as ideas e as soluciones creativas, mantendo unha comunicación eficaz e respectuosa ao longo de todo o proceso levado a cabo.	Aplicar ferramentas de comunicación ao proxecto presentado.		
CA4.6 - Desenvolver unha idea ou unha solución emprendedora a partir dos coñecementos, destrezas e actitudes adquiridos desde o ámbito da economía e das finanzas, vendo a relación entre estes e os recursos necesarios e dispoñibles que permitan o seu desenvolvemento.	Determinar os recursos necesarios para desenvolver o proxecto presentado.		
CA4.7 - Coñecer e comprender con precisión os contidos necesarios do ámbito económico e financeiro aplicándoos con coherencia a situacions, actividades ou proxectos concretos.	Analizar a viabilidade do proxecto presentado.		
CA4.8 - Afrontar os retos de maneira eficaz, equitativa e sostible, en distintos contextos aplicando os coñecementos económicos e financeiros necesarios.	Avaliar o impacto na contorna do proxecto presentado en termos de equitatividade e sostibilidade.		
CA4.9 - Utilizar estratexias eficaces de deseño e execución do prototipo final utilizando métodos de traballo áxiles, cooperativos e autónomos, analizando de maneira crítica o proceso de deseño e execución levado a cabo e valorando a súa viabilidade e adecuación empregada na construcción deste.	Realizar un estudo de viabilidade do produto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O reto ou o desafío como obxectivo. - Planificación, xestión e execución dun proxecto emprendedor. Do reto ao prototipo. - Desenvolvemento áxil do produto. - Técnicas e ferramentas de prototipado rápido. - Métodos de análise da competencia. Estratexias competitivas. - Mercadotecnia do produto. Presentación e introdución do prototipo na contorna. Estratexias de difusión. - Validación e testado de prototipos. Valoración do proceso de traballo. Innovación áxil. - Estudo de viabilidade do produto e elección de forma xurídica. - O usuario como destinatario final do prototipo. A toma de decisións dos usuarios. O usuario como consumidor. Dereitos e obligacións dos consumidores.

4.1. Concreciones metodolóxicas

A metodoloxía proposta é de ensinanza activa, na que a participación do alumnado é o elemento esencial, procurando a súa formación integral como cidadán. Prestarase atención especial á consecución da súa motivación. Trata de dar unha resposta competencial, pasando da aprendizaxe memorística a aplicar o coñecemento a situacions diversas e cambiantes, cun enfoque interdisciplinar e favorecendo o traballo colaborativo.

No deseño da práctica de ensino e aprendizaxe desta materia consideranse os principios e orientacions pedagóxicas do Decreto 156/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obligatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

A selección de recursos didácticos e situacions de aprendizaxe realizarase atendendo ás condicions persoais e necesidades específicas do alumnado.

Empregaránse múltiples vías (verbal, auditiva, visual...) na presentación de contidos ao tempo que se promoverá que o alumnado exprese o coñecemento empregando diferentes vías.

Empregaránse recursos tecnolóxicos accesibles para todo o alumnado, comprobando que coñecen e son quen de manexar as ferramentas precisas para realizar as actividades propostas.

Exploraránse os obxectivos das tarefas propostas, proporcionando guías de traballo. No estudo de casos, aplicaranse procedementos que permitan verificar os pasos seguidos dende a formulación ata o resultado final.

Fomentarase a análise crítica dos contidos, actividades e tarefas propostas.

Proporánse tarefas, actividades de síntese con traballos individuais ou grupais que permitan relacionar coñecementos. Resulta fundamental promocionar a participación nos programas e plans educativos do centro que faciliten o desenvolvemento das competencias clave e o tratamento dos elementos transversais.

Ao inicio de cada unidade didáctica exploraránse os instrumentos de avaliación a aplicar e a súa ponderación.

Deseñaranse e aplicaranse probas e tarefas axustadas ás características do alumnado, actividades de avaliación con diferentes niveis de complexidade, activando diferentes recursos cognitivos.

Avaliación continua nunha ampla variedade de situacions, avaliando tarefas individuais e grupais. Nas tarefas grupais avaliaránse, ademais dos progresos na aprendizaxe, a implicación e aportacións do alumnado participante.

A avaliación, ademais de informar dos erros cometidos e da puntuación acadada, trasladará propostas de mellora.

Deseñaranse criterios de avaliación ou rúbricas para autoavalación ou coavalación do alumnado.

No caso de ser preciso realizar atención educativa non presencial procederáse tal como se expón:

- Desenvolvemento das sesións empregando a videoconferencia como ferramenta. Sesións individuais de reforzo ao alumnado que presenta maiores dificultades (desenvoltas en sesións distintas das previstas para a materia nos horarios dos grupos).

- Foros Edixgal: facilitadores da comunicación colectiva.
- Entrega de tarefas Edixgal: facilitan o envío dos exercicios propostos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Edixgal do centro en webs dinámicas.
Servizo de videoconferencia: Eduxunta Webex, Falemos Edu.
Biblioteca.
Plans, proxectos e programas de centro.
Software específico libre.
Actividades complementarias.

Espazo dixital de traballo que permite dispoñer dun espazo web online para organizar os contidos das unidades didácticas, documentos e enlaces a outros recursos dixitais; espazo de intercambio e comunicación entre profesorado e alumnado (foros e mensaxería), e de avaliación, seguimento e recuperación (realización de tarefas, cuestionarios, probas ensaio).

Plataformas de videoconferencia que permiten ao docente interactuar en tempo real co alumnado: compartindo contidos e facilitando a exposición dos mesmos, facendo cuestionarios e exercicios en tempo real e de xeito colaborativo...

Desenvolvemento de actividades de promoción da lectura no ámbito económico.

Desenvolvemento de actividades nos plans, proxectos e programas nos que participa o centro, vinculados aos contidos da materia, fomentando o traballo dos elementos transversais.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras sesións do curso co fin de favorecer o coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación educativa. Formularase como proba escrita co fin de avaliar os coñecementos previos da materia e o nivel competencial do alumnado. Permitirá axustar o proceso de ensino ás características que presenta o alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	12	12	12	12	8	8	16	100
Proba escrita	100	80	60	80	80	80	0	0	0	54
Táboa de indicadores	0	20	40	20	20	20	100	100	100	46

Criterios de cualificación:

Cualificación avaliación parcial

Calcularase como media ponderada das cualificacións de cada unidade didáctica determinadas pola aplicación dos instrumentos de avaliación referidos.

As probas escritas serán o 80% da nota e as tarefas o 20%

Dado que a nota de cada avaliación é numérica exacta, o redondeo será:

- Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.
- Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

Cualificación avaliación final

Calcularase como media ponderada das cualificacións das avaliacións parciais sen aplicar o redondeo.

Dado que a cualificación da avaliación final é numérica exacta, o redondeo será:

- Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.
- Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non supere algunha avaliación parcial será convocado a unha proba escrita que versará sobre os contidos específicos da avaliação non superada. Ademais, abriranse prazos para que poida entregar as tarefas pendentes, ou repetilas, no caso de ser preciso.

A cualificación será o resultado de aplicar os instrumentos de avaliação referidos.

O alumnado que non superou as avaliações parciais, terá que presentarse á proba final, que versará sobre os contidos específicos daquelas avaliações que ten suspensas.

A cualificación da avaliação final será calculada como media ponderada das cualificacións das avaliações parciais superadas e a cualificación da proba final correspondente ás avaliações non superadas sen aplicar o redondeo.

Dado que a cualificación da avaliação final é numérica exacta, aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación.

Entenderase superada a materia cando a cualificación da avaliação final sexa igual ou superior a 5.

6. Medidas de atención á diversidade

Son medidas de atención á diversidade as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado (Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011).

De ser preciso, desenvolveranse as seguintes medidas de atención á diversidade:

Ordinarias. Aquelas que faciliten a adecuación do currículo, sen alteración significativa dos obxectivos, contidos nin criterios de avaliação, ao contexto do centro e ás características do alumnado. Teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

Adecuación da xestión da aula ás características do alumnado, procurando a participación, o acceso aos recursos, favorecendo a convivencia e aprendizaxe compartida.

- Adecuación da programación didáctica ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.

- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.

- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliação ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, disponibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.

- Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixidas e avaliadas.

- Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.

- Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

Extraordinarias. Aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requerir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou una modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren insuficientes.

O alumnado con necesidade específica de apoio educativo é aquel que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condición persoais ou de historia escolar.

O alumnado que presenta necesidade educativas especiais é aquel que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conducta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atención educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa da educación secundaria obligatoria. Dirixida a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais

- Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro.

O docente colaborará co profesorado titor e coa xefatura do departamento de orientación na planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe.

A avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliação promoverase o uso de instrumentos de avaliação variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacions de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicóns de realización dos procesos asociados á avaliação se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X
ET.4 - Competencia dixital	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X

UD 9	
ET.7 - Educación emocional e en valores	X
ET.8 - A igualdade de xénero	X
ET.9 - A creatividade	X

Observacións:

En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores quesustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prejuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita empresa.	Co fin de analizar a toma de decisións dun dos principais axentes económicos.	X		
Programa de Educación Cívico-Tributaria - Agencia Estatal Administración Tributaria.	Actividades destinadas a explicar á cidadanía máis nova o impacto que o sistema fiscal, na súa dobre vertente de ingresos e gastos públicos, ten na súa vida cotiá e nas súas perspectivas de futuro. É posible elixir entre as seguintes actuacións: Xornadas de portas abertas nas Delegacións ou charlas impartidas por persoal da Axencia Tributaria nos centros.		X	
Participación en concursos e/ou programas de innovación educativa asociado cos contidos da materia.	"Pon tu dinero a salvo" Abanca		X	
Charlas formativas a cargo de empresas e/ou institucións.	Charlas que pretenden achegar a realidade económica ao alumnado.			X

Observacións:

As actividades complementarias propostas son orientativas, a participación nelas dependerá da disponibilidade das entidades e empresas

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro

Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Elabora as unidades didácticas utilizando como referente a programación didáctica da materia.
Presenta e publica a programación didáctica incidindo especialmente na metodoloxía, instrumentos e proceso de avaliación e cualificación.
Emprega as tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.
Propón actividades complementarias que contribúan á mellora da aprendizaxe do alumnado.
Procura a transparencia do proceso de avaliación.
Os mínimos de consecución e os criterios de cualificación e recuperación están claramente definidos.
Emprega os resultados da avaliación para mellorar o proceso de ensino.
Metodoloxía emplegada
Planifica, coa antelación suficiente e tendo en conta a dispoñibilidade do alumnado, o calendario de probas a realizar segundo a tipoloxía.
Ofrece ao alumnado múltiples formas de presentación dos contidos e de acción e expresión.
Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula en función das características do grupo.
Establece criterios e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permitan fazer o seguimento do progreso do alumnado e comprobar o grao de adquisición de competencias.
Recoñece o esforzo do alumnado, non só os resultados.
Relaciona os contidos da materia cos feitos da actualidade.
Fomenta a participación do alumnado no desenvolvemento da materia, promovendo o debate e a análise crítica dos temas propostos.
Xestioná a intelixencia emocional na aula, facilitando a expresión do alumnado, ensinando estratexias comunicativas.
Emprega instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacíons de aprendizaxe.
Establece as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacíons se adapten ás necesidades do alumnado.
Realiza actividades, traballos e proxectos de investigación e innovación educativa relacionados coa práctica docente.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Presenta ao inicio de cada sesión o plan de traballo, sinalando os obxectivos que se pretenden lograr.
Organiza actividades complementarias axeitadas que completen a aprendizaxe tendo en conta as inquedanzas do alumnado, na procura de facer atractiva a participación no desenvolvemento das mesmas.
Propón ao alumnado a realización de actividades de recuperación e reforzo, de enriquecemento e ampliación, en función das súas necesidades.
Rexistra e avalía o seguimento da súa propia actuación no desenvolvemento das clases.
Medidas de atención á diversidade
Inclúe os elementos curriculares na programación didáctica adaptándoos ás características do alumnado e contexto do centro.
Realiza a avaliación inicial co fin de identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa.
Establece as medidas de atención á diversidade necesarias para facilitar o acceso ao currículo do alumnado
Clima de traballo na aula
Fomenta e estimula as habilidades de comprensión de lectura e de uso da información, de expresión escrita e en público.
Emprega na aula un discurso que estimula e mantén o interese do alumnado polos contidos obxecto de estudo.
Amosa unha actitude aberta e receptiva e fomenta a interacción co alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Planifica a actividade educativa coordinada con outras materias.
Analiza os resultados da avaliación cos alumnos e alumnas. Informa dos logros acadados e dificultades atopadas, propoñendo estratexias de mellora.

Descripción:

Tal e como establece a normativa, O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes. Tales indicadores consisten nunha serie de items que permiten reflexionar sobre a actuación co alumnado e os aspectos reflectidos na programación:

- planificación,
- motivación do alumnado,
- desenvolvemento do proceso de ensino,
- idoneidade dos materiais empregados e das actividades propostas
- seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe

Valoraranse de 0 a 5.

Obxectivos da avaliación da práctica docente:

- Axustala ás peculiaridades do grupo e a cada alumno/a.
- Comparar a planificación curricular coa súa execución.
- Favorecer a reflexión individual e colectiva.
- Mellorar a comunicación e coordinación

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao iniciar o curso revisarase a programación a partir das propostas de mellora recollidas na correspondente memoria do departamento do curso anterior.

A avaliación da presente programación farase a través do seguimento na aplicación Proens ao final de cada unidade didáctica por parte do/a profesor/profesora que imparta a materia a cada grupo e nas reunións mensuais de departamento. O informe de seguimento require indicar o número de sesións empregadas en cada unidade didáctica, grao de cumprimento, propostas de mellora e observacións.

Nas reunións de departamento comprobarase o grao de consecución dos obxectivos programados e as dificultades que se poidan atopar co fin de introducir as modificacións que sexan precisas.

O informe de seguimento facilitará a redacción da Memoria Final.

Ferramentas a empregar para analizar o grao de cumprimento dos indicadores de logro:

Diario de aula.

- Rúbrica de autoavaliación.
- Estatísticas de resultados.
- Cuestionarios e enquisas ao alumnado.

9. Outros apartados